



MODELO SILVOFROITICOLA	CS3
ESPECIE PRINCIPAL:	<i>Castanea sativa Miller</i> , aplicable a formacións mixtas con outras frondosas autóctonas.
OBXECTIVO:	Producción de froito ou mixta froito-madeira en soutos tradicionais.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN Aqueles con presenza de soutos vellos de castiñeiro, en particular VII e VIII (Lugo) e XIII, XIV e XV (Ourense). Modelo orientado á xestión de soutos tradicionais con obxectivo principal de producción de froito, incluíndo actuacións de mantemento, mellora e restauración.	

REXENERACIÓN	
Recollidas	Asegurar a recollida efectiva da colleita de castaña para evitar que se complete o ciclo de perforadores.
Mantemento	Control da vexetación de subpiso que poida supoñer risco de incendio, de modo que se facilite a recollida. Empregaranse, se as condicións o permiten, medios mecánicos. Control de rexeneración doutras especies que non contribúan ao aproveitamento principal.
Aproveitamentos complementarios	Compatibilidade con aproveitamento micolóxico e gandeiro, en especial coa retirada da folla desfrondada.

TRATAMENTOS SILVÍCOLAS		
Podas		Poda de renovación de copas eliminando ramas envellecidas (que poderán supoñer aproveitamento madeireiro) e de baixa producción de castaña. Renovación de copa progresiva (cada 10 anos, renovando por completo cada 30), evitando descabezar toda a árbore. Selección posterior de brotes ou re-enxertado da mesma variedade ou variedade alternativa. Poda de brotes bravos por baixo do enxerto.
Rexeneración enxertado	e	Substitución de pés moi envellecidos e de escaso vigor mediante recepado, replantación ou substitución por brizal de rexenerado natural. Enxertado dos brotes ou brizais con variedades tradicionais.
Recuperación restauración	ou	Intervencións de recuperación en soutos abandonados, consistentes en corta de arboreda doutras especies, roza, eliminación de brotes de castiñeiro bravo, poda de ramas envellecidas, equilibrado de copas, selección de brotes e replantacións.
Control sanitario		Seguimento e control de problemas sanitarios, en particular de chancro, perforadores de castaña e avespíña.

